



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE CINCO DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E TRES
(ACTA NÚMERO 16)

Presidenta:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

Sres/as. Deputados/as:

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luis Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **cinco de maio de dous mil vinte e tres**, baixo a Presidencia da Sra. Vicepresidenta D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón, por ausencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados/ as na marxe relacionados/ as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora dona Rosa Abelleira Fernández.

Non asiste o señor Presidente don José Tomé Roca.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E OITO DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E TRES.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e oito de abril de dous mil vinte e tres que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.

Proposta de adxudicación, se procede, da contratación da obra: LUGO.- Rehabilitación de firme LU-P-2903 “Carballido (LU-232) – Santalla de Bóveda –Poutomillos (LU-2901)”, P.K. 5+770 a 7+764.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 28/04/2023, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións: “(...)

Antecedentes.

1. Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7BY72SPIZT7TOL2AEDMZDSLY¹.

¹Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



2. Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras identificadas como: LUGO.- Rehabilitación de firme LU-P-2903 “Carballido (LU-232) – Santalla de Bóveda – Poutomillos con CSV: IV7BYD23L6LJSZNVUHFAFDW6Y.

3. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7B4LKNNDUPKXKH7UJ6MD43P4M.

4. Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7BYDI2LJPTUVBSQMGD7YTBK4.

5. Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7BYDI3PQV3XBG5XVGVCEA7MU.

6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7BYDRNYH6Z7TFPYNWBOIKGME.

7. Acordo da Xunta de Goberno, de data 17/02/2023, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas, o proxecto, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7BYKX6YFF7TDRT64EMIRSPCM.

8. Publicación, o día 17/02/2023, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

9. Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.

10. Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 16/03/2023, para apertura da documentación administrativa e oferta técnica con CSV: IV7BFXP6DROMXDNSWEUXABXWJY, dando conta das empresas presentadas á contratación do referido expediente e admisión das mesmas á licitación da obra indicada.

Unha vez abertos os arquivos relativos a “oferta técnica” remitiuse ao Servizo de Vías e Obras para que foran revisados, analizados e valorados de acordo co establecido no PCAP.

11. Acta da Mesa de Contratación, con CSV: IV7BHUKSMEG2JGWSWAYT4X3CHY, reunida en acto público con data 28/03/2023, dando conta do informe do Servizo de Vías e Obras, en relación coa valoración da oferta técnica –criterio xuízo de valor-, do que resulta a seguinte puntuación:

EMPRESA	PUNTOS
CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	14,75
EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	14,75
FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	13,00
GRUPO BASCUAS 2008 SL	9,50
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL	9,50
OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	15,25

Así mesmo procedeuse á apertura das ofertas económicas, resultando:

LUGO.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-2903 "CARBALLIDO (LU-232) – SANTALLA DE BÓVEDA – POUTOMILLOS (LU-2901)", P.K. 5+770 A 7+764

ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)

125.662,09
103.852,97 21.809,12

IVE. PARTIDA INDEPEND

VALOR ESTIMADO

CLASIFICACION EXIGIDA:

PRAZO DE EXECUCION:

2 MESES

MAX
2.077,06 €

	EMPRESAS / (GRUPO)	DOC "A"	OBJETIVOS (80)				CRITERIO DESEMPATE
			PREZO (IVE incluído .- art 102) (60)	MELLORAS (...) (10)	AUMENTO PRAZO GARANTÍA 2 ANOS (5)	PROGRAMA DIVULGACIÓN (5)	Plantel / Discapacitados
1	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	A	117.745,10 €	0	SI	0,00	49/0
2	EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	A	119.126,92 €	2	SI	500,00	7/0
3	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL		117.832,99 €	0	SI	900,00	194/3
4	GRUPO BASCUAS 2008 SL		121.439,85 €	10	SI	0,00	108/3
5	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL		125.347,93 €	0	NO	12,40	2/0
6	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU		116.861,80 €	0	SI	100,00	58/1

Tendo en conta o anterior, procedeuse á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra, incorporando a puntuación obtida na valoración dos criterios de adjudicación cuantificables mediante xuízo de valor. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

	EMPRESAS / (GRUPO)	DOC "A"	OBJETIVOS (80)							XUÍZO DE VALOR - SUBXECTIVOS (20)		TOTAL
			PREZO (60)		MELLORAS (...) (10)		AUMENTO PRAZO DE GARANTÍA 2 ANOS (5)		PROGRAMA DIVULGACIÓN OBRAS (5)		MEMORIA TÉCNICA (20)	
			OFERTA (INCLUIDO IVA)	PTOS	PAVIMENTAR E SINALIZAR		SI /NO		MAXIMO 2% V.E. €	2.077,06 €	SEGUNDO INFORME TÉCNICO	
					UNIDADES	PTOS	SI/NO	PTOS				
1	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	A	117.745,10 €	53,98	0,00	0,00	SI	5,00	0,00	0,00	14,75	73,73
2	EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	A	119.126,92 €	44,56	2,00	2,00	SI	5,00	500,00	2,78	14,75	69,09
3	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL		117.832,99 €	53,38	0,00	0,00	SI	5,00	900,00	5,00	13,00	76,38
4	GRUPO BASCUAS 2008 SL		121.439,85 €	28,79	10,00	10,00	SI	5,00	0,00	0,00	9,50	53,29
5	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL		125.347,93 €	2,14	0,00	0,00	NO	0,00	12,40	0,07	9,50	11,71
6	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU		116.861,80 €	60,00	0,00	0,00	SI	5,00	100,00	0,56	15,25	80,81

De seguido, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:



EMPRESAS			OFERTA
			Oferta
1	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	A	117.745,10 €
2	EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	A	119.126,92 €
3	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL		117.832,99 €
4	GRUPO BASCUAS 2008 SL		121.439,85 €
5	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL		125.347,93 €
6	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU		116.861,80 €

MEDIA
119.845,53

BAIXA DESPROPORCIONADA
107.860,98

10% ARRIBA
131.830,09

Non se teñen en conta a efectos de cálculo de baixa desproporcionada por pertenza con outra empresa a un mesmo grupo:
EXCAVACIONES SANTIÑOS SL

Tendo en conta que ningunha das ofertas incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, a Mesa acordou en dita sesión, por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte proposta de resolución:

A. Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)		TOTAL
1	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	80,81
2	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	76,38
3	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	A 73,73
4	EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	A 69,09
5	GRUPO BASCUAS 2008 SL	53,29
6	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL	11,71

B. Requerir á mercantil Ovisa Pavimentos y Obras SLU para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, -sempre que no se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de contratistas de CCAA- e acredite a efectiva disposición dos medios mínimos establecidos no PCAP, e a constitución da garantía definitiva por importe de 4.829,00 euros, que supón o 5% do prezo de adxudicación, sen IVE, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderáse que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3% do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

12. Por resolución da Presidencia de data 31/03/2023, con CSV: IV7OU377NM4OVHHJYFNHEPYQIA, clasificouse aos licitadores presentados e acordouse requirir á empresa Ovisa Pavimentos y Obras SLU, para que dentro do prazo de dez hábiles, presentara a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, séndolle notificada á indicada mercantil, a través da Plataforma de Contratos do Sector público, o día 04/04/2023, rematando o prazo de presentación o día 20/04/2023. A mercantil Ovisa Pavimentos y Obras SLU, presentou a documentación requirida o 20/04/2023 a través da plataforma de contratos do sector público.

Reunida a Mesa o día de hoxe, 28/04/2023, ós efectos da valoración da documentación do artigo 150 da LCSP, remitida como contestación ó requirimento e a súa cualificación, compróbase que a empresa Ovisa Pavimentos y Obras SLU presenta correctamente a documentación requirida, en tempo e forma.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles remitiu a documentación achegada ao non facer observación algunha neste senso enténdese que a documentación presentada pola licitadora é correcta, polo que a mesa de contratación, considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Ovisa Pavimentos y Obras SLU con C.I.F. B-15016207 representada por D. Juan Sanmartín Ferreiro con DNI ***7191**, a contratación da obra denominada LUGO.- Rehabilitación de firme LU-P-2903 “Carballido (LU-232) – Santalla Bóveda –Poutomillos (LU-2901)”, P.K. 5+770 a 7+764. (2023/CON_02/000003), nos termos seguintes:

Prezo de 116.861,80 €, dos cales 20.281,80 € corresponden ao IVE (21%).

Aumento do prazo de garantía en 2 anos por enriba do obrigatorio.

Programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 100,00€ mais IVE.



Prazo de execución de 1 mes e 2 semanas (previsto nos pregos coa diminución ofertada pola adxudicataria na súa oferta técnica).

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición o aumento do prazo de garantía; o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas; diminución do prazo de execución, de ser o caso; a achega o plan de seguridade e a constitución e pagamento da póliza todo riscos construción, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma”.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización “de conformidade”, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Ovisa Pavimentos y Obras SLU con C.I.F. B-15016207 representada por D. Juan Sanmartín Ferreiro con DNI ***7191**, a contratación da obra denominada LUGO.- Rehabilitación de firme LU-P-2903 “Carballido (LU-232) – Santalla de

Bóveda –Poutomillos (LU-2901)”, P.K. 5+770 a 7+764. (2023/CON_02/000003), nos termos seguintes:

- a. Prezo de 116.861,80 €, dos cales 20.281,80 € corresponden ao IVE (21%).
- b. Aumento do prazo de garantía en 2 anos por enriba do obrigatorio.
- c. Programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 100,00€ mais IVE.
- d. Prazo de execución de 1 mes e 2 semanas (previsto nos pregos coa diminución ofertada pola adxudicataria na súa oferta técnica).

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición o aumento do prazo de garantía; o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas; diminución do prazo de execución, de ser o caso; a achega o plan de seguridade e a constitución e pagamento da póliza todo riscos construción, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

2º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos –perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

4º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

5º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma.”



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE APLICACIÓN DE REMANENTES PRODUCIDOS NO PLAN ÚNICO 2022.

Escrito do Concello de Monforte de Lemos, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación do investimento 127 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Monforte de Lemos, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (127) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 28/12/2021 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 10/01/2022.

2. Nas devanditas bases, concretamente na base 15, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento/ actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2023, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán xustificados nos mesmo prazo que os inicialmente incluídos no Plan, e dicir, xustificados no prazo de dous meses desde a finalización da obra/investimento, e en todo caso na data límite do 15 de novembro de 2023.”

3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 05/04/2022, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

4. O Concello de Monforte de Lemos presentou Anexo III de obras incluídas no Plan Único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
MONFORTE DE LEMOS	127	MELLORA DA RÚA ROF CODINA, INCLUÍDO HONORARIOS	1532.76201	9.517,43€

5. Por escrito de data 17/04/2023 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguinte actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
MONFORTE DE LEMOS	REM	LIQUIDACIÓN OBRA Nº 127 - MELLORA DA RÚA ROF CODINA, INCLUÍDO HONORARIOS	1532.76201	5.331,28€	9.517,43€	14.848,71€



6. Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 15 das do Plan Único 2022, “...Os investimentos/ actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

7. Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 16 das do Plan Único 2022, “...Calquera incremento que se derive da modificación do contrato, de certificacións finais e liquidacións ou de calquera outro concepto deberá ser financiado integramente polo concello, salvo aquelas modificacións, certificacións finais ou liquidacións, legalmente tramitadas, que se produzan na execución de contratos en cuxa licitación se produciran baixas imputables á achega da Deputación, en cuxo caso poderán ser imputables á achega da Deputación ata o importe inicial comprometido, previa solicitude do Concello e aprobación pola Xunta de Goberno desta Deputación”.

Conclusión.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Monforte de Lemos, no Plan Único 2022.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Monforte de Lemos e incluír no PUC/22, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERTIMENTO
MONFORTE DE LEMOS	REM	LIQUIDACIÓN OBRA Nº 127 – MELLORA DA RÚA ROF CODINA, INCLUÍDO HONORARIOS	1532.76201	5.331,28€	9.517,43€	14.848,71€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- *Proposta relativa ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello da Pobra do Brollón para o “Acondicionamento da antiga vivenda do conserxe para centro sociocultural da xuventude” (anualidade 2023).*

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

“Consta diversa documentación incorporada ao expediente e o informe do servizo de Cultura que se transcribe:

“En relación co escrito, presentado por don José Luis Maceda Vilariño, en nome e representación do Concello da Pobra do Brollón, con CIF: P2704700J, con RE, nº: 2023RT006879 de data 21/04/2023, emendado posteriormente (Expediente 2023/PES_03/008260), mediante o cal solicita unha achega económica no marco dunha relación interadministrativa de cooperación (público-público) para a realización conxunta polo Concello da Pobra do Brollón e a Deputación Provincial de Lugo dunha actuación na que conflúen os respectivos títulos competenciais para o fin común de “Acondicionamento da antiga vivenda do conserxe para Centro Sociocultural da Xuventude”, procede emitir o seguinte informe:



Fundamentos xurídicos.

1. A relación interadministrativa de cooperación (público-público) que se pretende coa formalización do convenio para o “Acondicionamento da antiga vivenda do conserxe para Centro Sociocultural da Xuventude” enmárcase no escenario dunha colaboración institucional cunha vontade e fins compartidos, de conformidade co precisado nas estipulacións do mesmo e referentes á súa vixencia e natureza xurídica, atendendo ao previsto no artigo 47.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público en adiante LRXSP), sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común”.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer que “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios inter-administrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas (...).”

Neste caso estamos ante un convenio interadministrativo. As normas deste capítulo da Lei 40/2015, do 1 de outubro, non se aplican ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional dos procedementos administrativos (art. 48.9 da LRXSP).

O artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións legais vixentes en materia de réxime local recolle que: “As entidades locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico e aos principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas no seu caso en favor de ditas entidades”.

2. A Memoria explicativa e xustificadora da solicitude sinala que os fins comúns de subscrición do convenio interadministrativo se refiren á execución das obras necesarias para o Acondicionamento da antiga vivenda do conserxe para Centro Sociocultural da Xuventude.

En canto á necesidade e oportunidade do convenio, con esta actuación pretende cumprirse un dobre obxectivo: afianzar o patrimonio arquitectónico do rural, así como contribuír ao dinamismo económico e socio-cultural do Concello da Pobra do Brollón, coa finalidade de facer efectivo o disposto no artigo 77 da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, en canto á valorización do medio rural e costeiro non urbano.

Neste centro poderían programarse actividades como as seguintes: relatorios, debates e coloquios ou charlas sobre temas de actualidade nos que participen os mozos; exposicións, talleres de teatro, cinema, fotografía, pintura ou outras actividades artísticas que fomenten a súa creatividade; e outras de tipo educativo, lúdico, de voluntariado ou relacionadas coas novas tecnoloxías.

Deste xeito, podería valorizarse un recurso patrimonial municipal infrautilizado e constituír un espazo de revitalización socioeconómica e cultural desta comarca, que permita fixar a poboación na zona e acoller a programación de diversas propostas culturais, de modo que se poida facer atractivo vivir no rural, ao mesmo tempo que se evita o seu despoboamento e se fomentan as relacións sociais.

En relación ao seu impacto económico, esta actuación posibilitará a mobilización da poboación que demanda actividades culturais e unha revalorización do rural como ámbito no que estas se poden desenvolver; igualmente, fomentará que o desenvolvemento socio-económico da zona e mellorará as condicións de socialización.

Efectivamente, da lectura do Convenio Interadministrativo de actuación a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Concello da Pobra do Brollón, resulta que o seu contido compatibiliza coas competencias do ente provincial en canto aos fins e competencias da Deputación Provincial, fundamentalmente a que se menciona no artigo 36 apartado d) da LBRL, que se refire á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso tamén se pronuncia o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia, ao sinalar que serán competencias propias da Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as Leis, considerando como competencia



propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no apartado d) en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

3. O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Así mesmo, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida calificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Nestes supostos de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución, non lles resulta de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

4. En canto ao órgano competente para a aprobación do convenio, resulta de aplicación o artigo 59.18 do Regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial, publicado no BOP nº 202, de data 3 de setembro de 2020, que sinala que lle corresponde á Xunta de Goberno aprobar convenios de colaboración con outras entidades locais, organismos e administracións públicas, nos mesmos termos e condicións que os sinalados para a determinación da competencia en contratación, sempre que a devandita competencia non lle sexa atribuída ao presidente/a; e tendo en conta o establecido no artigo 118.1 Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, que fixa o importe dos contratos menores de obras nunha contía inferior a 40.000,00 €, trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno da Deputación, atendendo ao importe económico do Convenio.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 100.000,00 € para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins. O Concello da Pobra do Brollón, de acordo co orzamento previsto, comprométese a realizar unha achega económica de 5.263,16 €; e, así mesmo, asumirá o importe que reste e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido.

5. Considerando os antecedentes expostos, á vista da documentación achegada, e no seu caso dos informes que procedan, infórmase favorablemente: a aprobación do Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello da Pobra do Brollón para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no “Acondicionamento da antiga vivenda do conserxe para Centro Sociocultural da Xuventude” (anualidade 2023). É todo canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.”

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do “Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello da Pobra do Brollón para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no “Acondicionamento da antiga vivenda do conserxe para Centro Sociocultural da Xuventude” (anualidade 2023) por importe total de 105.263,16 €, do seguinte teor:

“Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello da Pobra do Brollón para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no “Acondicionamento da antiga vivenda do conserxe para centro sociocultural da xuventude”, na anualidade 2023.

Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, presidente da Excma. Deputación Provincial de Lugo, con CIF P-2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos, núm. 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local e, no seu nome, dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón, deputada delegada da Área de



Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística en virtude de Resolución de data 15 de outubro de 2019.

E doutra, don José Luis Maceda Vilariño con DNI ***0445**, alcalde do Concello da Pobra do Brollón, con NIF P2704700J e sede en Avda. de Galicia nº 50, CP 27330 A Pobra do Brollón, na provincia de Lugo, que actúa en nome e representación desta entidade, de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Actúa don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, no exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

Expoñen:

Primeiro.- O artigo 25 da Lei 7/1985, de 02 de abril (en adiante LBRL), na redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL) establece que o municipio exercerá, en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, a promoción da cultura e equipamentos culturais (art.25 letra m) da LBRL).

Esta determinación competencial, das Entidades locais, fixada lexislación básica estatal, complementábase coa lexislación sobre réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais; entre outras normas sectoriais podemos citar a Lei de Patrimonio Cultural de Galicia.

Segundo.- Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece, na súa disposición adicional primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica, antes da

entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.

Así mesmo, no Art. 3.3 Lei 5/2014, concrépanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) o auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Terceiro.- A Deputación Provincial de Lugo, ten como fins propios e específicos os enumerados no art. 31.2 da LRBRL, indicando xenericamente o de garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social, particularizando algún deses fins específicos. O artigo 118. letra d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en adiante LALGA) establece que compete as Deputacións Provinciais rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos cuxo obxecto sexa o fomento dos mesmos, en especial, de calquera actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura.

O art. 36.1 LBRL, pola súa parte, enumera as competencias propias do ente provincial, estipulando os apartados b) e d) as seguintes:

A asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica ós Concellos, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión. En todo caso nos municipios de 1.000 habitantes debe garantir a prestación dos servizos de secretaría e intervención (art. 36.1 b)

A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito (art. 36.1 d).

A LRALG, regula nos artigos 109 e seguintes, as competencias propias da Deputación Provincial, salientando o parágrafo b), “a prestación de asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica cos Concellos, especialmente ós que teñan menor capacidade económica e de xestión”.



En aplicación do artigo 36, letra d) da LRBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se llas encomenden”.

Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico – financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables aos fins deste convenio.

O artigo 3.2 a) da Lei 5/2016 de 4 de maio de Patrimonio Cultural de Galicia, en relación coa colaboración administrativa, establece que “As entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de: Protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural.

Enténdese que a cooperación administrativa con achegas recíprocas, é o aparello máis acaído e sustentable, organizativa e financeiramente, para o desenvolvemento conxunto de tarefas e para a obtención satisfactoria dun obxectivo común, neste caso a execución dos fins comúns de cooperar nesta actuación, que beneficia ao territorio municipal e provincial.

O propio artigo 57.3 da LRBRL da prevalencia á subscripción de convenios, como medios de cooperación, respecto doutras formas cooperativas como a constitución de consorcios; baseado na idea de evitar a creación de estruturas organizativas, cando non sexan necesarias e previa acreditación de que os fins perseguidos non se acadan vía convenio e que a figura consorcial é máis eficiente na asignación de recursos económicos.

Cuarto.- A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia, que ten fundamento no dereito comunitario (artigo 12.4 da Directiva 2014/24 UE do Parlamento Europeo e do Consello). Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de auto organización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

Quinto.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (en adiante LRXSP), sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.”

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público.
(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: Convenios inter-administrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Sexto.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios e ao seu contido, establécense no artigo 48 e o contido dos convenios no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro. As normas deste capítulo VI da LRXSP, sobre convenios, non se aplica ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional dos procedementos administrativos.

Sétimo.- A cooperación coa administración municipal, como aparello técnico-administrativo manexado na proposta e o convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo o art. 3.1.k da citada LRXSP que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.



Oitavo.- O Concello da Pobra do Brollón, de acordo co establecido no artigo 25 da Lei 7/1985, o 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, para a xestión dos seus intereses no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

Os artigos 2 e 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio de Patrimonio Cultural de Galicia recollen as competencias que lle corresponden en materia de patrimonio cultural á Comunidade Autónoma e ás entidades locais.

Noveno.- A Deputación de Lugo e o Concello da Pobra do Brollón exercen competencias, consonte ao establecido na normativa de réxime local e na normativa sectorial que lle resulta de aplicación e teñen a posibilidade legal de subscribir este convenio para o cumprimento dos fins previstos na normativa vixente (artigo 30 do TRLRL, entre outros).

A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, e ademais, encádrase no deber de colaboración xenérico e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada nos artigos 36 da LBRL, 141 da LRXSP e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación.

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- Obxecto.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases da relación interadministrativa de cooperación entre o Concello da Pobra do Brollón e a Deputación Provincial de Lugo en exercicio das súas competencias para acadar o fin común de cooperar no “Acondicionamento da antiga vivenda do conserxe para Centro Sociocultural da Xuventude” na anualidade 2023.

Para realizar dita actividade e acadar dito fin, ámbalas dúas Administracións comprométense a realizar o gasto seguinte:

ACTUACIÓN	CUSTE TOTAL
Acondicionamento da antiga vivenda do conserxe para Centro Sociocultural da Xuventude e honorarios técnicos	105.263,16 €

A actuación abrangue dúas fases:

Fase Primeira	Fase Segunda
Na anualidade 2023 a primeira fase corresponde ao inicio das obras, corresponde aos traballos de demolicións, mellora do illamento da envolvente exterior, incluíndo a renovación da carpintería exterior, particións interiores e canalizacións correspondente ás instalacións de fontanería, electricidade e climatización, e honorarios de redacción de proxecto de execución e Estudio básico de seguridade e saúde.	Tamén na anualidade 2023 a segunda fase é de remate das obras correspondentes aos traballos de revestimentos exteriores, revestimentos de paramentos, solados, alicatados e teitos, carpintería interior, remate de instalacións de fontanería, electricidade e climatización, carpintería interior, pintura e urbanización exterior, e honorarios de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde.
Custe total estimado: 45.088,72€, distribuído: Deputación 95%: 42.834,28€ Concello da Pobra do Brollón 5%: 2.254,44€	Custe total estimado: 60.174,44€, distribuído: Deputación 95%: 57.165,72€ Concello da Pobra do Brollón 5%: 3.008,72€

Para alcanzar o obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes aportacións:

ANUALIDADE	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	TOTAL
2023	100.000,00 €	5.263,16 €	105.263,16 €

As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula cuarta.

Ambas administracións obríganse a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- Ámbito territorial.

O ámbito de desenvolvemento da actividade que é obxecto do presente convenio se refire á provincia de Lugo, e concretamente á comarca da Terra de Lemos, na que está incluída o termo municipal da Pobra do Brollón.

Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

3.1. Deputación Provincial de Lugo.

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:



1. Ao financiamento da actuación obxecto deste convenio no referente á cooperación nos gastos de “Acondicionamento da antiga vivenda do conserxe para Centro Sociocultural da Xuventude” na anualidade 2023, polo importe máximo indicado na cláusula cuarta.

2. En caso de producirse baixas na licitación ou execución, reducir a cantidade estipulada para o financiamento comprometido polo Concello da Pobra do Brollón.

No caso de que as baixas na licitación ou execución sexan superiores á cantidade estipulada para o financiamento comprometido polo Concello da Pobra do Brollón, segundo o disposto no parágrafo anterior, reducir a cantidade estipulada para o financiamento comprometido pola Deputación Provincial ou, previa solicitude de aquel, autorizar a aplicación dos remanentes producidos na execución doutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.

3.2. O Concello da Pobra do Brollón.

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello da Pobra do Brollón comprométese ao seguinte:

1. Licitar os investimentos con suxeición ao establecido na LCSP, como órgano de contratación ou, de ser o caso, a súa execución a través de medios propios non personificados, conforme ao artigo 30 da LCSP.

2. Financiar a actividade obxecto deste convenio polo importe indicado na cláusula cuarta, debendo aportar para a execución do convenio o importe que reste e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido.

3. O prazo inicialmente previsto de execución é o 30 de setembro de 2024. Este prazo de execución pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

4. Asumir a titularidade dos resultados obtidos, dedicalos ao uso e fin público e onservalos e mantelos, segundo a finalidade destes.

5. Aportar os terreos precisos, tramitar, obter e sufragar as autorizacións, licenzas e permisos que sexan necesarias para a execución das actuacións indicadas, así como outorgar as autorizacións e licenzas que sexan de competencia municipal.

6. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación de Lugo.

7. Convidar á representación institucional da Deputación aos actos oficiais relativos ao inicio, execución e finalización das obras.

8. Difundir a colaboración prestada polo ente provincial no formato (cartel, pegatinas, dixital ou outros) que lle será facilitado polo Gabinete de comunicación desta Deputación.

Cuarta.- Réxime económico.

A) Achegas.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 100.000,00 € para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins de acordo coa actuación que figura na cláusula primeira, con cargo á aplicación orzamentaria 3340.76200, do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2023.

O Concello da Pobra do Brollón financiará inicialmente as actuacións descritas con 5.263,16 €, que poderá diminuírse de haber baixas na licitación ou execución; e, así mesmo, financiará o importe que reste e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido.

B) Titularidade do resultado da cooperación.

O Concello da Pobra do Brollón será o titular do resultado da cooperación concretada no Acondicionamento da antiga vivenda do conserxe para Centro Sociocultural da Xuventude.

C) Xustificación da achega económica.

O prazo inicialmente previsto para que o Concello da Pobra do Brollón aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca inicialmente ata o 31 de outubro de 2024. Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

Poderá realizarse o aboamento da achega provincial tras a execución e xustificación de cada fase.

Poderán aportarse dúas contas xustificativas, unha por cada fase.

En calquera caso, a actuación de “Acondicionamento da antiga vivenda do conserxe para Centro Sociocultural da Xuventude” debe realizarse na súa totalidade, de xeito que a falta de



xustificación da fase segunda polo Concello da Pobra do Brollón determinará a obriga de reintegrar a achega provincial percibida pola fase primeira.

As contas xustificativas a aportar deben ter o seguinte contido:

Memoria de actuacións das actividades realizadas.

Memoria económica xustificativa do custo da actividade, que conterá:

1. Relación clasificada de gastos polo custo total da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, a data de emisión, e a data de pago.

2. Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do custo da actividade desenvolta, indicando os importes do financiamento, acreditando que a relación dos gastos da actividade atópase executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

3. Certificación expedida Interventor ou o Secretario de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

Acta de recepción; ou acta de recoñecemento e comprobación, no caso de que a obra sexa de execución directa das prestacións a través de medios propios non personificados, consonte ao previsto no artigo 30 da LCSP (a aportar na xustificación que se presente tras a fase segunda).

Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade prevista neste convenio.

Declaración responsable na que se faga constar que o Concello da Pobra do Brollón non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Declaración responsable na que o Concello da Pobra do Brollón poña de manifesto que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

Declaración responsable de que o Concello da Pobra do Brollón asumiu ou non, o custo do Imposto sobre o valor engadido (IVE), por ter ou non a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

Declaración responsable na que se faga constar a cooperación da Deputación Provincial de Lugo en todas as actuacións, e soportes, que se utilicen na execución da actividade.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que conste a conta na que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.

Xustificante (fotografías) da difusión da cooperación interadministrativa no formato (cartel, pegatina, ou similar) segundo modelo facilitado polo Gabinete de comunicación, debidamente cuberto onde se poida comprobar a súa colocación na obra ou investimento.

Unha vez aprobadas as contas xustificativas polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

Quinta.- Duración do convenio interadministrativo.

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2023 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite da vixencia do convenio será coa aprobación das contas xustificativas e o seus pagamentos, salvo prórroga expresa antes da súa finalización, debendo estar aprobadas as contas xustificativas na data límite do 31 de decembro de 2024 e pagadas o 31 de xaneiro de 2025, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Sexta.- Modificación.

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio estea vixente, respectando o límite temporal previsto no artigo 49 da Lei 40/2015.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Sétima.- Extinción e efectos.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.



Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51 da amentada Lei 40/2015, de 1 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 (LRXSP).

Oitava.- Comisión de Seguimento.

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control, establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

- a) Velar polo cumprimento deste convenio.
- b) Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
- c) Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- d) Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
- e) E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Novena.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.

Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen da actividade ou actuación, o Concello da Pobra do Brollón incorporará os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que é preciso solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial, que se compromete a entregalas; e a Deputación, pola súa parte, incorporará os que lle facilite aquel Concello.

De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o Concello da Pobra do Brollón deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.

Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.

A Deputación e o Concello comprométense a difundir a actuación e a cooperación de ambas entidades no fin común perseguido, a través do cartel no investimento.

A Deputación e o Concello comprométense a cumprir coas determinacións dos artigo 53 da Lei 40/2015, de RXSP, que lle resulten aplicables.

Décima.- Protección de datos.

O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamiento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados exclusivamente coa finalidade de formalizar e executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD.



Décimo primeira.- Carácter do convenio de cooperación.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 en relación co artigo 31 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, (...) as Entidades locais (...).

Nestes supostos de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

As partes comprométense a resolver de xeito amistoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 11 páxinas numeradas, en triplicado exemplar, para un só efecto en lugar e data *ut supra*, do que como secretario dou fe.

O PRESIDENTE,
P.D. Decreto de data 15-10-2019
A VICEPRESIDENTA,
Asdo.: Tareixa Antía Ferreiro Tallón

O ALCALDE DE POBRA DO BROLLÓN,
Asdo: José Luis Maceda Vilariño

O SECRETARIO XERAL,
Asdo.: José Antonio Mourelle Cillero”

2º.- Aprobar o gasto de 100.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3340.76200 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2023, a favor do Concello da

Pobra do Brollón, para sufragar os gastos derivados do “Acondicionamento da antiga vivenda do conserxe para Centro Sociocultural da Xuventude”.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta relativa á aprobación, se procede, da modificación do acordo de concesión do convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional, en especie, outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao Centro de Iniciativas y Turismo Club Fluvial de Begonte, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Actuacións de mellora no Club Fluvial de Begonte, na anualidade 2022 e da segunda addenda ao convenio canalizador da citada subvención.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, no que literalmente se establece:

“Asunto: Informe favorable.

En relación ao asunto de referencia (EXP: 2023/PES_03/007920), dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, se emite o seguinte informe.

Antecedentes de feito:

Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Excm. Deputación, en sesión ordinaria celebrada o día 2 de decembro de 2022, adoptou, entre outros, o acordo de prestar aprobación á seguinte proposta:

“1. Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional en especie, polo importe máximo de 52.287,91€, a favor da entidade Centro de Iniciativas y Turismo Club Fluvial de Begonte, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Actuacións



de mellora no Club Fluvial de Begonte”, e consistente na execución e posterior entrega por parte da Deputación Provincial do resultado das actuacións obxecto da actuación. Esta subvención inclúese na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, e prevista no apartado c) de Actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2022 para esta liña (Anexo I).

2. Aprobar o gasto de 52.287,91€ con cargo á aplicación orzamentaria 9250.78955 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2022 para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Actuacións de mellora no Club Fluvial de Begonte”.

3. Aprobar o convenio a través do que se canaliza a citada subvención en especie, e que se incorpora ao expediente”.

Segundo.- O convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional, en especie, outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao Centro De Iniciativas y Turismo Club Fluvial de Begonte, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Actuacións de mellora no Club Fluvial de Begonte”, na anualidade 2022, formalizouse o 5 de decembro de 2022.

Terceiro.- A Xunta de Goberno desta Excma. Deputación, en sesión ordinaria celebrada o día 16 de decembro de 2022, adoptou, entre outros, o acordo de prestar aprobación á seguinte proposta:

“Primeiro. Modificar as cláusulas Terceira (Achegas e compromisos das partes), Cuarta (Xustificación) e Décimo terceira (Vixencia do Convenio e modificación), do canalizador da subvención directa de carácter excepcional, en especie, outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao Centro de Iniciativas y Turismo Club Fluvial de Begonte, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Actuacións de mellora no Club Fluvial de Begonte”, anualidade 2022, nos termos da addenda que se incorpora ao expediente.

Segundo. Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2022 para a execución das actuacións obxecto do convenio”.

Cuarto.- A addenda convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional, en especie, outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao Centro de Iniciativas y Turismo Club Fluvial de Begonte, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Actuacións de mellora no Club Fluvial de Begonte”, na anualidade 2022, formalizouse o 16 de decembro de 2022.

Quinto.- O representante da entidade Centro de Iniciativas y Turismo Club Fluvial de Begonte remitiu, o 19 de abril de 2023 (2023RT006692) ao Servizo de Contratación e Fomento escrito no que se recolle literalmente o seguinte:

“Expón.

A entidade que represento ten concedida unha subvención directa de carácter excepcional, por parte da Deputación de Lugo, para a execución das “Actuacións de mellora no Clube Fluvial de Begonte”, e que consisten en:

Actuacións de mellora das pistas multideporte.

Suministro e instalación de redes e pintado de pistas de tenis.

Unha vez en execución a primeira das actuacións propónse a realización de novas melloras, consistentes na substitución das canastas de baloncesto existente en mal estado e o pintado da pista de baloncesto, así como a colocación dunha valla desmontable de 1 m de altura no lateral desta zona, de modo que se evite a caída de balóns perdidos cara a zona de baño.

Estas actuacións suporían unha mellora das inicialmente previstas ao complementar as mesmas, e acadar así un conxunto para a práctica dos diferentes deportes previstos, compatibilizando as distintas prácticas deportivas entre sí e co resto de actividades que se desenvolven no clube, e mellorando as condicións para a práctica das mesmas.

Polos motivos anteriormente expostos.



Solicita.

Que por parte dos servizos técnicos da Deputación se proceda á valoración da proposta realizada e, no seu caso, definición das actuacións e estimación económica.

A inclusión desta nova actuación no convenio vixente de “Actuacións de mellora no Clube Fluvial de Begonte”, suscrito o día 5 de decembro de 2022, con adenda do 16 de decembro de 2022”.

Consideracións xurídico- administrativas:

Primeira.- Segundo o establecido no artigo 13.2 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo (BOP. Núm. 082 do 13 de abril de 2021):

“(…) 2. A resolución ou acordo de concesión poderase modificar, a solicitude do beneficiario, cando circunstancias sobrevindas e imprevisibles supoñan unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, sempre que as mesmas non desvirtúen a natureza ou obxectivos da subvención concedida, que a modificación non dane dereitos de terceiros e que a solicitude se presente antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.

3. Así mesmo, unha vez adoptada a resolución/acordo da concesión, poderá realizarse un reaxuste na distribución dos gastos do proxecto ou actividade subvencionada, previa autorización do órgano concedente e sempre que a autorización non dane dereitos de terceiros.”

Segunda.- No artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común dispónse que:

“1. A Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio o a petición dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que no exceda de la metade dos mesmos, se as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiro. O acordo de ampliación deberá ser notificado aos interesados.

2.(…)

3. Tanto a petición dos interesados como a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de que se trate. En ningún caso poderá ser obxecto de ampliación un prazo xa vencido. Os acordos sobre ampliación de prazos o sobre a súa denegación non serán susceptibles de recurso, sen prexuízo del procedente contra a resolución que poña fin ao procedemento.

(..)”

Terceira.- No convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional, en especie, outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao Centro de Iniciativas y Turismo Club Fluvial de Begonte, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Actuacións de mellora no Club Fluvial de Begonte”, na anualidade 2022, formalizado o 5 de decembro de 2022 e cuxa addenda foi formalizada o 16 de decembro de 2022, establécese que:

Na cláusula Terceira.- Achegas e compromisos das partes.

“Para a consecución dos obxectivos do presente convenio, as partes subscribintes conveñen ó seguinte réxime de achegas, dereitos e obrigas.

Da Deputación:

a. Deberá executar as actuacións, valoradas en 52.287,91€, relacionadas no obxecto do convenio.

Cantidade que consiste nun importe certo, sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total, tendo en conta que o importe que reste e resulte necesario para a execución das actuacións obxecto do convenio deberá ser financiado polo beneficiario.

b. O importe da subvención concedida en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, doutras Administracións Públicas ou entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade subvencionada.

c. Elaborar o correspondente proxecto ou memoria valorada que defina con precisión as actuacións a executar.

d. Asumir a dirección de obra, a dirección da súa execución e a coordinación en materia de seguridade e saúde.



e. Licitar a execución das actuacións obxecto do convenio con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, como órgano de contratación.

f. Executar as obras na data límite do 30 de xuño de 2023.

g. Ser convidada a intervir en cantos actos públicos se celebren en relación coa actividade subvencionada.

h. Facer entrega do resultado das actuacións ao beneficiario na data límite do 15 de xullo de 2023.

(...)"

Na cláusula Cuarta.- Xustificación.

Obriga establecida no artigo 31 da Ordenanza Xeral de Subvencións e na Base 24 de execución do Orzamento Xeral Vixente.

O beneficiario deberá achegar, como prazo máximo, o día 30 de xullo de 2023 a conta xustificativa que se relaciona no apartado II desta cláusula.

De conformidade co disposto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese a obriga de que o beneficiario se relacione coa Deputación a través de medios electrónicos -telemáticamente-.

Transcorrido o prazo de xustificación establecido sen achegarse a mesma, requirirase ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional dará lugar a que o beneficiario sexa declarado decaído no seu dereito ao trámite correspondente (artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), e se inicie o procedemento de reintegro sen prexuízo das demais responsabilidades previstas na lexislación xeral de subvencións e restante normativa de aplicación.

(..)"

Na cláusula décimo terceira.- Vixencia do Convenio e modificación.

A vixencia do convenio comezará no momento da súa formalización, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2022, e manterá a súa vixencia ata o 31 de xaneiro de 2024 (data límite de aboamento das facturas de execución das actuacións obxecto do convenio por parte da Deputación Provincial e da aprobación da conta xustificativa).

As facturas deberán estar aprobadas na data límite do 31 de decembro de 2023, e respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Calquera modificación e/ou ampliación do presente convenio efectuarase por acordo entre as partes, mediante a subscripción da addenda de modificación respectiva.”

Terceira.- En canto ao órgano competente para aprobar a addenda ao convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional, en especie, outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao Centro de Iniciativas y Turismo Club Fluvial de Begonte, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Actuacións de mellora no Club Fluvial de Begonte”, na anualidade 2022, é a Xunta de Goberno, por ser o órgano que aprobou a concesión da mesma.

Conclusiones.

Por todo o exposto, tendo en conta que o convenio está vixente, que media a vontade das partes, que os prazos non están vencidos e que se prevé a modificación do mesmo, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento informase favorablemente que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

A modificación do acordo de concesión da subvención, de data 2 de decembro de 2022, que quería redactado no seguinte senso:

““1. Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional en especie, polo importe máximo de 60.031,91 €, a favor da entidade Centro de Iniciativas y Turismo Club Fluvial de Begonte, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Actuacións de mellora no Club Fluvial de Begonte”, e consistente na execución e posterior entrega por parte da Deputación Provincial do resultado das actuacións obxecto da actuación. Esta subvención inclúese na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022 e na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2023-2025, no apartado c) de Actuacións específicas



previsibles no exercicio económico 2022 para esta liña (Anexo I) e no apartado c) de Actuacións específicas previsibles no exercicio económico 2023 para esta liña (Anexo I).

2. Aprobar o gasto de 52.287,91€ con cargo á aplicación orzamentaria 9250.78955 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2022 e 7.744,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2023 para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Actuacións de mellora no Club Fluvial de Begonte”.

3. Aprobar o convenio a través do que se canaliza a citada subvención en especie, e que se incorpora ao expediente”.

A modificación da cláusula primeira (obxecto do convenio) da cláusula segunda (orzamento de execución da actuación subvencionada) e da cláusula terceira (achegas e compromisos das partes) do convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional, en especie, outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao Centro de Iniciativas y Turismo Club Fluvial de Begonte, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Actuacións de mellora no Club Fluvial de Begonte”, na anualidade 2022, formalizado o 5 de decembro de 2022 e modificado o 16 de decembro de 2022, no senso da segunda addenda que se incorpora ao expediente”.

Por todo o anteriormente exposto, tendo en conta que consta informe favorable de fiscalización, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- A modificación do acordo de concesión da subvención, de data 2 de decembro de 2022, que quería redactado no seguinte senso:

“1. Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional en especie, polo importe máximo de 60.031,91 €, a favor da entidade Centro de Iniciativas y Turismo Club Fluvial de Begonte, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Actuacións de mellora no Club Fluvial de Begonte”, e consistente na execución e posterior entrega por parte da Deputación Provincial do resultado das actuacións obxecto da actuación. Esta subvención inclúese na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022 e na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia do

vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2023-2025, no apartado c) de Actuacións específicas previsibles no exercicio económico 2022 para esta liña (Anexo I) e no apartado c) de Actuacións específicas previsibles no exercicio económico 2023 para esta liña (Anexo I).

2. Aprobar o gasto de 52.287,91€ con cargo á aplicación orzamentaria 9250.78955 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2022 e 7.744,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2023 para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Actuacións de mellora no Club Fluvial de Begonte”.

3. Aprobar o convenio a través do que se canaliza a citada subvención en especie, e que se incorpora ao expediente”.

Segunda.- A modificación da cláusula primeira (obxecto do convenio) da cláusula segunda (orzamento de execución da actuación subvencionada) e da cláusula terceira (achegas e compromisos das partes) do convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional, en especie, outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao Centro de Iniciativas y Turismo Club Fluvial de Begonte, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Actuacións de mellora no Club Fluvial de Begonte”, na anualidade 2022, formalizado o 5 de decembro de 2022 e modificado o 16 de decembro de 2022 no seguinte senso:

Segunda addenda ao convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional, en especie, outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao Centro de Iniciativas y Turismo Club Fluvial de Begonte, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Actuacións de mellora no Club Fluvial de Begonte”, na anualidade 2022, (Aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 2 de decembro de 2022).

Interveñen.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con CIF P2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.



E doutra parte, don Esteban Pastrana Núñez con DNI ***7820**, na súa condición de representante legal, actúa en nome e representación da entidade Centro de Iniciativas y Turismo Club Fluvial de Begonte, en adiante beneficiario, con NIF V27030840, e con sede social na Rúa Río Ladra s/n – Begonte (Lugo), con acreditación suficiente para a celebración deste acto, segundo consta no expediente tramitado a tal efecto.

Actúa don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, no exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas partes:

Manifestan.

Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Excm. Deputación, en sesión ordinaria celebrada o día 2 de decembro de 2022, adoptou, entre outros, o acordo de prestar aprobación á seguinte proposta:

“1. Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional en especie, polo importe máximo de 52.287,91€, a favor da entidade Centro de Iniciativas y Turismo Club Fluvial de Begonte, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Actuacións de mellora no Club Fluvial de Begonte”, e consistente na execución e posterior entrega por parte da Deputación Provincial do resultado das actuacións obxecto da actuación. Esta subvención inclúese na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, e prevista no apartado c) de Actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2022 para esta liña (Anexo I).

2. Aprobar o gasto de 52.287,91€ con cargo á aplicación orzamentaria 9250.78955 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2022 para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Actuacións de mellora no Club Fluvial de Begonte”.

3. Aprobar o convenio a través do que se canaliza a citada subvención en especie, e que se incorpora ao expediente”.

Segundo.- O convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional, en especie, outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao Centro de Iniciativas y Turismo Club Fluvial de Begonte, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Actuacións de mellora no Club Fluvial de Begonte”, na anualidade 2022, formalizouse o 5 de decembro de 2022.

Terceiro.-A Xunta de Goberno desta Excm. Deputación, en sesión ordinaria celebrada o día 16 de decembro de 2022, adoptou, entre outros, o acordo de prestar aprobación á seguinte proposta:

“Primeiro. Modificar as cláusulas Terceira (Achegas e compromisos das partes), Cuarta (Xustificación) e Décimo terceira (Vixencia do Convenio e modificación), do canalizador da subvención directa de carácter excepcional, en especie, outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao Centro de Iniciativas y Turismo Club Fluvial de Begonte, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Actuacións de mellora no Club Fluvial de Begonte”, anualidade 2022, nos termos da addenda que se incorpora ao expediente.

Segundo. Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2022 para a execución das actuacións obxecto do convenio”.

Cuarto.- A addenda convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional, en especie, outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao Centro de Iniciativas y Turismo Club Fluvial de Begonte, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Actuacións de mellora no Club Fluvial de Begonte”, na anualidade 2022, formalizouse o 16 de decembro de 2022.

Quinto.- O representante da entidade Centro de Iniciativas y Turismo Club Fluvial de Begonte remitiu, o 19 de abril de 2023 (2023RT006692) ao Servizo de Contratación e Fomento escrito no que se recolle literalmente o seguinte:

“Expón.



A entidade que represento ten concedida unha subvención directa de carácter excepcional, por parte da Deputación de Lugo, para a execución das “Actuacións de mellora no Clube Fluvial de Begonte”, e que consisten en:

Actuacións de mellora das pistas multideporte.

Suministro e instalación de redes e pintado de pistas de tenis.

Unha vez en execución a primeira das actuacións propónse a realización de novas melloras, consistentes na substitución das canastas de baloncesto existente en mal estado e o pintado da pista de baloncesto, así como a colocación dunha valla desmontable de 1 m de altura no lateral desta zona, de modo que se evite a caída de balóns perdidos cara a zona de baño.

Estas actuacións suporían unha mellora das inicialmente previstas ao complementar as mesmas, e acadar así un conxunto para a práctica dos diferentes deportes previstos, compatibilizando as distintas prácticas deportivas entre sí e co resto de actividades que se desenvolven no clube, e mellorando as condicións para a práctica das mesmas.

Polos motivos anteriormente expostos.

Solicita.

Que por parte dos servizos técnicos da Deputación se proceda á valoración da proposta realizada e, no seu caso, definición das actuacións e estimación económica.

A inclusión desta nova actuación no convenio vixente de “Actuacións de mellora no Clube Fluvial de Begonte”, subscrito o día 5 de decembro de 2022, con adenda do 16 de decembro de 2022”

Sexto.- Por acordo da Xunta de Goberno, de data 5 de maio de 2023, prestouse aprobación á modificación do acordo de concesión da subvención, de data 2 de decembro de 2022, que quería redactado no seguinte senso:

“1.Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional en especie, polo importe máximo de 60.031,91 €, a favor da entidade Centro de Iniciativas y Turismo Club Fluvial de Begonte, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Actuacións de mellora no Club Fluvial de Begonte”, e consistente na execución e posterior entrega por parte da

Deputación Provincial do resultado das actuacións obxecto da actuación. Esta subvención inclúese na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022 e na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2023-2025, no apartado c) de Actuacións específicas previsibles no exercicio económico 2022 para esta liña (Anexo I) e no apartado c) de Actuacións específicas previsibles no exercicio económico 2023 para esta liña (Anexo I).

2. Aprobar o gasto de 52.287,91€ con cargo á aplicación orzamentaria 9250.78955 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2022 e 7.744,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2023 para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Actuacións de mellora no Club Fluvial de Begonte”.

3. Aprobar o convenio a través do que se canaliza a citada subvención en especie, e que se incorpora ao expediente”.

Por todo o manifestado, ambas partes recoñécense capacidade e representación suficiente para formalizar, en nome das entidades que neste acto se representan, esta segunda addenda ao convenio con arranxo ás seguintes:

Cláusulas:

As partes acordan modificar as cláusulas Primeira, Segunda e Terceira do convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional, en especie, outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao Centro de Iniciativas y Turismo Club Fluvial de Begonte, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Actuacións de mellora no Club Fluvial de Begonte”, na anualidade 2022, formalizado o 5 de decembro de 2022 e cuxa modificación formalizouse o 16 de decembro de 2022, que quedaría redactado no seguinte senso:

Cláusula Primeira.- Obxecto do convenio.

“Este convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se canalizará a subvención directa de carácter excepcional en especie outorgada pola Deputación Provincial ao



Centro de Iniciativas y Turismo Club Fluvial de Begonte para financiar os gastos derivados da execución da actuación “actuacións de mellora no Club Fluvial de Begonte”, na anualidade 2022, que se desglosan en:

Actuacións de mellora nas pistas multideporte: 48.052,91 €.

Subministro e instalación de redes e pintado de pistas de tenis: 4.235,00 €.

Sustitución das canastas de baloncesto existentes en mal estado e pintado da pista de baloncesto, así como a colocación dunha valla desmontable de 1 m de altura no lateral desta zona: 7.744,00 €.

As instalacións nas que se van a executar as actuacións obxecto do convenio localízanse na parcela con referencia catastral 001200800PH07H0001EX, propiedade do beneficiario”.

Cláusula Segunda.- Orzamento de execución da actuación subvencionada.

“O orzamento inicialmente previsto de execución das actuacións obxecto do convenio, e que serán executadas pola Deputación Provincial, ascende á cantidade máxima de 60.031,91€.

A obtención de todos os permisos, licenzas e seguros precisos para a execución das actuacións obxecto do convenio serán por conta do beneficiario.

A contratación de persoal para o desenvolvemento da actuación subvencionable non implica relación laboral algunha entre dito persoal contratado e a Deputación Provincial, polo que non se poderá esixir a este organismo responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, por feitos acontecidos durante o desenvolvemento do obxecto do presente convenio”.

Cláusula terceira.- Achegas e compromisos das partes.

“Para a consecución dos obxectivos do presente convenio, as partes subscribintes conveñen ó seguinte réxime de achegas, dereitos e obrigas.

Da Deputación:

a) Deberá executar as actuacións, valoradas en 60.031,91 € relacionadas no obxecto do convenio.

Cantidade que consiste nun importe certo, sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total, tendo en conta que o importe que reste e resulte necesario para a execución das actuacións obxecto do convenio deberá ser financiado polo beneficiario.(...)”

2º.- As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta Addenda, permanecerán invariables. Ambas partes, acordan incorporar ao convenio subscrito con data 5 de decembro de 2022, esta addenda, a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 4 páxinas numeradas, do que como Secretario dou fe.

“O PRESIDENTE,
Asdo.: José Tomé Roca”

O representante legal do CENTRO DE INICIATIVAS Y
TURISMO CLUB FLUVIAL DE BEGONTE
Asdo.: Esteban Pastrana Núñez

O SECRETARIO XERAL,
Asdo: José Antonio Mourelle Cillero

3º.- Aprobar o gasto por importe de 7.744,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2023 para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Actuacións de mellora no Club Fluvial de Begonte”.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CORRECCIÓN DO ERRO MATERIAL DETECTADO NA PROPOSTA QUE SERVIU DE BASE PARA A APROBACIÓN DO TEXTO DO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN PLURIANUAL ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE VIVEIRO PARA COOPERAR NO “PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN E SERVIZOS DA RÚA DO PORTO DE CELEIRO” ANOS 2023 E 2024.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento no que literalmente se establece o seguinte:



“Asunto: Informe Xurídico favorable.

En relación ao asunto de referencia (expediente 2023/PES_03/004540) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítase o seguinte informe:

Antecedentes de feito,

Primeiro: Por acordo da Xunta de Goberno, de data 21 de abril de 2023, acordouse prestar aprobación ao texto do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no “Proxecto de pavimentación e servizos da rúa do Porto de Celeiro” anos 2023 e 2024 por importe total de 680.704,78€

Segundo: O centro xestor detectou un erro material (na cláusula terceira e cuarta) na proposta que serviu de base para a aprobación do texto do citado convenio.

Consideracións xurídico-administrativas,

Primeira: De acordo co establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas: “As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”.

Segunda: Resultando que para proceder a aplicar o mecanismo de rectificación de erros materiais ou de feito, requírese que concorran en esencia unha serie de circunstancias a saber: que se trate de simples equivocacións elementais de nomes, datas, operacións aritméticas, transcripcións de documentos, que o erro se aprecie tendo en conta exclusivamente os datos do expediente administrativo, que o erro sexa patente e claro, sen necesidade de acudir a interpretacións de normas xurídicas e que igualmente non se produza unha alteración fundamental no sentido do acto (STS 18 de xuño de 2001).

Terceira: Tendo en conta que a competencia para decidir acerca da nulidade ou anulación se atribúe unicamente ao órgano superior da Entidade, a competencia para rectificar un erro

material corresponde ao mesmo órgano que ditou o acto (neste caso a Xunta de Goberno), argumentación neste senso da STS do 30 de setembro de 1986.

Conclusiones.

Por todo o exposto, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento infórmase favorablemente a aprobación da corrección do erro material detectado nas cláusulas terceira e cuarta do texto do convenio aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 21 de abril de 2023 no seguinte senso:

Onde consta:

Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

“(…)

3.2. O Concello de Viveiro:

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Viveiro, comprométese ao seguinte:

(…)

5. Aportar tódolos terreos precisos, e procurar os permisos e autorizacións necesarias para a súa correcta execución.

(…)”

Cuarta.- Réxime económico.

“(…)

Titularidade do resultado da cooperación:

O resultado da cooperación será do concello de Viveiro.

(…)”

Debe constar.

Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.



“(…)

3.2. O Concello de Viveiro:

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Viveiro, comprométese ao seguinte:

“(…)

5. Aportar tódolos terreos precisos, e procurar os permisos e autorizacións necesarias para a súa correcta execución. A estes efectos o Concello deberá contar para a execución das obras coa previa autorización de todos os titulares do dominio público no que a mesmas se executan, en todas aquelas zonas que non sexan de titularidade municipal.

(…)”

Cuarta.- Réxime económico.

“(…)

Titularidade do resultado da cooperación:

O resultado da cooperación pertencerá ao dominio público das administracións actualmente titulares.

(…)”.

En base ao anteriormente exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, proponho que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar corrección do erro material detectado nas cláusulas terceira e cuarta do texto do convenio aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 21 de abril de 2023 no seguinte senso:

Onde consta:

Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

“(…)

3.2. O Concello de Viveiro:

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Viveiro, comprométese ao seguinte:

(...)

5. Aportar tódolos terreos precisos, e procurar os permisos e autorizacións necesarias para a súa correcta execución.

(...)"

Cuarta.- Réxime económico.

"(...)

Titularidade do resultado da cooperación:

O resultado da cooperación será do concello de Viveiro.

(...)"

Debe constar:

Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

"(...)

3.2. O Concello de Viveiro:

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Viveiro, comprométese ao seguinte:

(...)

5. Aportar tódolos terreos precisos, e procurar os permisos e autorizacións necesarias para a súa correcta execución. A estes efectos o Concello deberá contar para a execución das obras coa previa autorización de todos os titulares do dominio público no que a mesmas se executan, en todas aquelas zonas que non sexan de titularidade municipal.

(...)"

Cuarta.- Réxime económico.

"(...)

Titularidade do resultado da cooperación:



O resultado da cooperación pertencerá ao dominio público das administracións actualmente titulares.

(...)”.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA RELATIVA AO ALLEAMENTO, POR ADXUDICACIÓN DIRECTA, DA PARCELA NÚMERO 26 E A PARCELA NÚMERO 27 DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE CASTROVERDE.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“En data de 27 de abril de 2023, foi presentado un escrito por D. Oliver García Meizoso, en representación da empresa Gasóleos Abegondo S.L, mediante o que expón que está interesado na adquisición das parcelas número 26 e número 27 , situadas no Polígono Industrial de Castroverde e solicita a súa adquisición por importe de 36.548,82€ a parcela 26 e 32.405,80€ a parcela 27.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, en sesión ordinaria celebrada o día 23 de xullo de 2021, acordou iniciar a tramitación do procedemento para o alleamento de parcelas de solo industrial, propiedade da Deputación Provincial de Lugo, no Polígono Industrial de Castroverde, mediante poxa, aprobando o prego de cláusulas administrativas reitor deste procedemento, que foi publicado no Boletín Oficial da Provincia, número 172, de data de 29 de xullo de 2021 e modificado mediante Decreto de Presidencia, de data de 05 de agosto de 2021, ratificado pola Xunta de Goberno da Deputación Provincial, en data de 6 de agosto de 2021 e publicado no Boletín Oficial da Provincia, número 182, de data de 10 de agosto de 2021.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, en sesión celebrada o día 10 de setembro de 2021, acordou a adxudicación da parcelas do Polígono Industrial de Castroverde aos interesados que se presentaron neste procedemento, de acordo co disposto no prego reitor do procedemento.

As parcelas número 26 e número 27 do Polígono Industrial de Castroverde foron incluídas no procedemento de alleamento, publicado no Boletín Oficial da Provincia referenciado, sen ser adxudicadas, cos seguintes datos:

Parcela 26:

Superficie – Novecentos dez con quince metros cadrados (910,15 m²).

Prezo – Trinta e sete mil trescentos trinta e catro euros con trinta e cinco céntimos (37.334,35 €).

Parcela 27:

Superficie - setecentos setenta e nove con dezaseis metros cadrados (779,16 m²).

Prezo – Trinta e un mil novecentos sesenta e un euros con catorce céntimos (31.961,14 €).

Tras detectar diferenzas entre as superficies rexistradas e as superficies reais na zona na que se sitúan estas parcelas no polígono industrial, en data de 21 de xullo de 2022 efectúase informe de validación gráfica desta zona, sendo a superficies reais e o prezo das parcelas, tras o levantamento topográfico efectuado as seguintes:

Parcela 26 – Oitocentos noventa e un metros cadrados (891,00 m²) – Trinta e seis mil cincocentos corenta e oito euros con oitenta e dous céntimos (36.548,82 €) máis IVE.

Parcela 27 – Setecentos noventa metros cadrados (790 m²) – Trinta e dous mil catrocentos cinco euros con oitenta céntimos (32.405,80 €) máis IVE.

O prego de condicións que rexe no procedemento para o alleamento de parcelas de solo industrial, propiedade da Deputación Provincial de Lugo, no Polígono Industrial de Castroverde, recolle na súa cláusula 20:

“No caso de quedar vacante o alleamento da parcela, a Deputación poderá acordar a súa adxudicación directa ao mesmo prezo de licitación e coas mesmas condicións e obrigacións”.

Visto o informe emitido pola Sección de Patrimonio, en data de 2 de maio de 2023, con CSV IV7OSSI5HFWN5POTS4NAK5ZFMI.



Visto o informe emitido pola Intervención, en data 2 de maio 2023, con CSV IV7OSSXKJVHYZPFTY5OT6M7PKQ.

Por todo o anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno:

1º.- Aprobar o alleamento, mediante adxudicación directa, da parcela número 26 e da parcela número 27 do Polígono Industrial de Castroverde, a favor de Gasóleos Abegondo S.L con pago aprazado a cinco anos e cota mensual, co devengo dos intereses correspondentes, de acordo co disposto na cláusula 15 do prego de cláusulas administrativas, reitor do alleamento de parcelas de solo industrial, mediante poxa, publicado no BOP número 172, de 29 de xullo de 2021 e polos seguintes importes:

Parcela 26 –Trinta e seis mil cincocentos corenta e oito euros con oitenta e dous céntimos (36.548,82 €) máis IVE.

Parcela 27 –Trinta e dous mil catrocentos cinco euros con oitenta céntimos (32.405,80 €) máis IVE.

2º - Formalizar o contrato compraventa da parcela número 26 e a parcela número 27 do Polígono Industrial de Castroverde, mediante o outorgamento de escritura pública de compraventa, a favor de Gasóleos Abegondo S.L.

3º - Proceder a dar de baixa no Libro Inventario de Bens desta Deputación Provincial a parcela número 26 e a parcela número 27 do Polígono Industrial de Castroverde.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE INCREMENTO ORZAMENTARIO NO PROGRAMA DE CIRCUITOS TEATRAIS (AFECCIONADO E PROFESIONAL) E DO CIRCUITO DE CINEMA NA PROVINCIA DE LUGO, 2023.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

“1º.- Visto o informe do servizo de Cultura onde se dí- entre outras cousas que: “1º.- Na Xunta de Goberno desta Excma. Deputación, en sesión ordinaria celebrada o día dez de marzo de dous mil vinte e tres, aprobou o Programa dos circuitos teatrais (afeccionado e profesional) e do circuito de cinema na provincia de Lugo, 2023, por importe de 233.000,00 €.

2º.- O servizo de Cultura da Deputación de Lugo- e dentro deste programa propio- puxo en marcha un Circuito de teatro afeccionado; un Circuito de teatro profesional e un Circuito de cinema para a promoción, a divulgación e o fomento das actividades culturais de natureza escénica-teatral, cinematográfica e audiovisual dirixidas ao público infantil e adulto de toda a provincia de Lugo, da man dos Concellos, entidades asociativas culturais e centros de ensino. Estas actividades poderán realizarse en espazos interiores ou exteriores.

3º.- No caso dos circuitos teatrais (afeccionado e profesional) está dirixido a promover o desenvolvemento das artes escénicas teatrais a través da contratación de diferentes grupos de teatro afeccionado e/ou de compañías de teatro profesional, segundo corresponda á modalidade de ámbolos dous circuitos de teatro.

Con estes circuitos preténdese:

A) No caso dos circuitos teatrais (afeccionado e profesional) é facilitar a acceso do público ao teatro mediante a distribución de montaxes tanto de teatro clásico, nos seus diferentes xéneros (comedia, traxedia, traxicomedia, drama, títeres...), como de teatro moderno, entendendo como tal o teatro inmersivo, a improvisación, o microteatro, os musicais, o teatro do absurdo, a mímica, o teatro infantil, o teatro experimental etc..., abordándose nas representacións unha ampla temática, desde o costumismo ata a crítica social.

B) No caso do Circuito de Cinema preténdese difundir os proxectos cinematográficos e/ou audiovisuais de factura galega, os proxectos de cinema non comercial, a proxección de filmes dobrados en lingua galega ou ben difundir a participación de actores e actrices galegos, mediante a divulgación dunha filmografía con vinculación- directa ou indirecta- coa promoción da cultura galega.



4º.- Este Programa propio do servizo de Cultura puxo énfase en:

Incentivar a produción e o consumo cultural.

Impulsar o desenvolvemento económico das industrias culturais nunha época de crise ao impulsar a creación do emprego e ser un revulsivo das estruturas económicas.

Apoiar e dar visibilidade as artes cinematográficas e teatrais como mecanismo de cohesión social.

Servir como instrumento para o fomento da sociedade do benestar nunha provincia de forte atomización demográfica e de poboamento diseminado, achegando o cinema a mailo teatro aos concellos da Provincia, aos Centros de ensino e ás asociacións culturais de toda a provincia.

Facer destas manifestacións un estímulo para a integración, a conservación, a promoción e difusión do patrimonio cultural galego, así como da súa lingua.

Remover os obstáculos que dificultan a chegada de programación cultural ao medio rural da provincia.

Converter as manifestacións culturais de natureza teatral e cinematográfica nunha actividade de especial interese público e social, en cuxa conservación, protección, defensa e promoción se comprometen os poderes públicos locais.

Contribuir ao desenvolvemento económico, social e cultural preservando a tradición e promovendo a participación e a integración social e maila reactivación da actividade económica cultural.

Complementar a programación artística que por parte dos concellos, dos centros de ensino e das asociacións culturais se veñen desenvolvendo, dentro do ámbito territorial e de actuación da Deputación de Lugo (a provincia de Lugo).

5º.- Estes circuítos de teatro e de cinema nacen coma unha liña programática propia centrada no mundo das artes escénicas e audiovisuais representadas pola participación de grupos teatrais afeccionados e profesionais ou ben pola organización, a distribución, a proxección e a divulgación de filmografía con temática inclusiva, reivindicación social, transmisión de valores fundamentais (visibilización da realidade de colectivos diferentes, igualdade de xénero e raza, o fomento da diversidade, etc... dando cabida a variantes que van dende o musical con trasfondo social, a comedia ou o drama, pasando pola intriga- se fose o caso- intentando que, de acordo coa

Lei 5/2016, de 4 de maio do Patrimonio Cultural de Galicia se protexa, se conserve, se difunda e se fomenta o patrimonio cultural como unha ferramenta de interrelación social coa función de nexo de transmisión ás xeracións futuras de valores fundamentais na educación: igualdade, diversidade ou sensibilizar a realidade dos diferentes colectivos sociais, etc...

Debemos sinalar que, no artigo 9.3 da Lei 5/2016, de 4 de maio do Patrimonio Cultural de Galicia, considéranse bens do patrimonio cultural inmaterial os usos, representacións e as artes do espectáculo.

6º.- O período de execución destes circuítos teatrais e de cinema materializarase dende a súa aprobación e ata o 31 de decembro de 2023.

7º.- O orzamento total para este Programa era de 233.000 euros, desglosado do seguinte xeito:

Circuíto Teatro Afeccionado: 80.000 €
Circuíto Teatro Profesional: 85.000 €
Circuíto Cinema: 60.000€
Pago dos dereitos da SGAE a que puidera dar lugar a organización dos circuítos de Teatro (se fose o caso), agás o Circuíto de Cinema: 8.000 €

8º.- Non obstante, dado o crecente interese mostrado en toda a provincia polas representacións do Teatro afeccionado, e sendo conscientes do beneficio socio-cultural que conleva é polo que se expón a necesidade de incrementar o orzamento deste Programa propio, en 10.000,00 € para responder á crecente demanda nas funcións teatrais afeccionadas. Por esta razón, o orzamento total do Programa de referencia pasaría a ser de 243.000,00 €, quedando desglosado do seguinte xeito:

Circuíto Teatro Afeccionado: 90.000 €
Circuíto Teatro Profesional: 85.000 €
Circuíto Cinema: 60.000€
Pago dos dereitos da SGAE a que puidera dar lugar a organización dos circuítos de Teatro (se fose o caso), agás o Circuíto de Cinema: 8.000 €".

2º.- Visto que existe consignación orzamentaria para proceder a incrementar o orzamento total dos Circuítos Teatrais (afeccionado e profesional) e do circuíto de Cinema na provincia de Lugo por valor de 10.000,00 €, para a anualidade 2023.



3º.- Resultando que, de acordo co establecido no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, unha competencia propia da Deputación é a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, ao sinalar que é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na vixente redacción).

Por todo o dito, a Deputada delegada de Cultura propón- se procede- que pola Xunta de Goberno- se adopte o seguinte acordo:

Aprobar o incremento orzamentario no Programa de Circuitos Teatrais (afeccionado e profesional) e no circuito de Cinema na provincia de Lugo `para a anualidade 2023, por importe de 10.000,00 €, - a vista do crecente interese mostrado en toda a provincia polas representacións do Teatro afeccionado, e sendo conscientes do beneficio socio-cultural que conleva-, razón pola que este Programa pasaría a ter un orzamento total de 243.000,00 €.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA RELATIVA Á APROBACIÓN DAS BASES, MODELOS DE SOLICITUDE E OS ANEXOS DE XUSTIFICACIÓN PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2023 E CONVOCATORIA DAS MESMAS.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“1.- Exposición de motivos.

Constitúe o obxecto desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable á concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, no marco do “Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2023”, para sufragar gastos derivados de investimentos/equipamentos (inversións) coa finalidade de contribuír a mellorar a calidade da vida local e fomentar e dinamizar o asociacionismo veciñal.

Estas subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para entidades asociativas (asociacións de veciños, comunidades de usuarios de augas, comunidades de montes, asociacións de gandeiros e agricultores ou de produtores forestais, agrupacións de veciños e asociacións de mulleres rurais da provincia de Lugo) para a realización de investimentos en inmobles ou para equipamentos que teñen como obxectivos específicos:

1.- Garantir o acceso ás prestacións, oportunidades, servizos e calidade de vida dos habitantes dos concellos de Lugo, tendo en conta a dispersión poboacional, e baixo un estándar común independente da súa área de residencia.

2.- Reverter o cambio demográfico e fixar poboación nos núcleos rurais tradicionais e a súa contorna mediante a súa mellora en espazos ordenados e eficaces no aproveitamento dos seus recursos.

3.- Restaurar, preservar e mellorar os ecosistemas na contorna dos núcleos rurais.

4.- Contribuír a minimizar os riscos na contorna dos núcleos rurais, especialmente a prevención de incendios.

Así, as Administracións Públicas, entre elas a Deputación Provincial, deben converterse no motor que lidera e dinamice os sectores produtivos da nosa provincia, favorecendo así o benestar dos cidadáns e poñendo todos os recursos dispoñibles para dinamizar a economía da provincia.

Polo exposto, a Deputación Provincial de Lugo, no exercicio das competencias atribuídas polo artigo 36.1.d) da Ley 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración



Local pon en marcha o programa: Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2022.

2.- Marco normativo.

O artigo 9 da Ley 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, establece no seu artigo 9.2) que “con carácter previo ao outorgamento das subvencións deberán aprobarse as normas que establezan as bases reguladoras de concesión nos termos establecidos nesta Lei”.

O título preliminar da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establece os principios reitores de xestión das subvencións e a aprobación e contido das súas bases reguladoras. Así mesmo, no citado título preliminar faise constar que a enumeración dos extremos recollidos nas base reguladoras responde ao feito de que estas son o elemento definitorio básico da relación entre a administración xestora e o beneficiario de subvención.

En concreto este texto legal refírese ás citadas bases como o mecanismo preciso para procurar o pleno coñecemento dos dereitos e deberes por parte dos beneficiarios, ao tempo que lles permite instaurar unha relación coa administración baseada na seguridade xurídica.

Do mesmo xeito, o artigo 6.2), da devandita Lei, prevé que “con carácter previo ao outorgamento das subvencións, deberán aprobarse as bases reguladoras de concesión nos termos desta Lei”.

A Ordenanza xeral de subvencións da Excma. Deputación Provincial de Lugo, aprobada por acordo do Pleno de data 29 de decembro de 2020 e publicada no BOP nº 82 do 13 de abril de 2021, recolle no seu artigo 18. Iniciación que indica “1. O procedemento para a concesión iniciarase sempre de oficio, mediante convocatoria aprobada polo órgano competente”.

A convocatoria deberá publicarse na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia así como na Sede electrónica. Así mesmo poderase realizar unha publicación adicional na forma e polos medios que se establezan polo órgano competente para realizar a convocatoria.

3.- Proposta de acordo.

Visto o informe do servizo de Contratación e Fomento conformado pola Secretaría Xeral onde se informa favorablemente das bases deste procedemento.

Visto o informe favorable de Intervención.

Polo anteriormente exposto, o Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos propón que pola Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial, se procede, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar as bases da convocatoria, modelos de solicitude e de conta xustificativa, para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2023, recollido na liña 8.1c do vixente Plan Estratéxico de subvencións (2023-2025).

2º.- Aprobar o gasto correspondente por un importe de trescentos mil euros (300.000,00 €) con cargo ao vixente orzamento xeral, aplicación orzamentaria 4590.789.

3º.- Que se proceda á convocatoria na forma regulamentariamente prevista coa súa publicación na Base Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia así como na Sede Electrónica.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVOCATORIA E BASES DE SUBVENCÍONS PARA APOIAR O FOMENTO DE BOAS PRÁCTICAS DE SILVOPASTOREO E PASTOREO EN EXTENSIVO.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:



“En relación coa convocatoria e bases que canalizarán as subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para apoiar o fomento de boas prácticas de silvopastoreo e pastoreo en extensivo que produzan a redución dos niveis de biomasa existente, na execución do Programa “O que non arde”, na anualidade 2023, dende á Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade emitíuse, o 24 de abril de 2023, informe do seguinte teor:

“Antecedentes.

Primeiro.- Tal e como reconece a Exposición de Motivos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en adiante, LXS):

“Unha parte importante da actividade financeira do sector público canalízase a través das subvencións, co obxecto de dar resposta, con medidas de apoio financeiro, a demandas sociais e económicas de persoas e entidades públicas e privadas.

(...).

A austeridade no gasto corrente, a mellor selección das políticas poñendo o énfase nas prioridades de gasto, así como o incremento do control e da avaliación, reduciron paulatinamente as necesidades de financiación do sector público e ampliaron as posibilidades financeiras do sector privado, con efectos dinamizadores sobre a actividade, o crecemento, o desenvolvemento económico, e sobre a creación de emprego.

(...).

Un dos principios que rexe a Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, (...), é o da transparencia.
(...).

Esta maior transparencia, xunto coa gran variedade de instrumentos que se articulan na lei, redonda de forma directa nun incremento dos niveis de eficiencia e eficacia na xestión do gasto público subvencional.

Neste sentido, unha maior información acerca das subvencións fará posible eliminar as distorsións e interferencias que puideran afectar ao mercado, ademais de facilitar a complementariedade e coherencia das actuacións das distintas Administracións públicas evitando calquera tipo de solapamento.

Nesta liña de mellora da eficacia, a lei establece igualmente a necesidade de elaborar un plan estratéxico de subvencións, que introduza unha conexión entre os obxectivos e efectos que se pretenden conseguir, cos custos previsibles e as súas fontes de financiación, co obxecto de adecuar as necesidades públicas a cubrir a través das subvencións con as previsións de recursos dispoñibles, con carácter previo ao seu nacemento e de forma plurianual.

Segundo.- En cumprimento deste mandato, a Deputación Provincial de Lugo aprobou, por Acordo da Xunta de Goberno do 20 de xaneiro de 2023, o Plan Estratéxico de Subvencións 2023-2025 (PES).

Na Liña 13.1- Agricultura, gandería e pesca, do PES, está previsto, como obxectivo estratéxico, a promoción do desenvolvemento dos sectores agrícola, gandeiro e forestal, como sectores estratéxicos da economía da provincia, co fin último de propiciar as condicións óptimas para que se produza unha fixación real da poboación no medio rural.

Asemade, na dita Liña están previstos, como obxectivos específicos, a execución de programas que teñan, entre outras, das finalidades de:

Mantemento da superficie agraria útil e a recuperación de zonas de monte abandonadas ou improdutivas, con axudas para o fomento de roza ou xestión sostible con especies leñosas autóctonas, labores de pastoreo, aproveitamento silvopastoril ou similares, que reduzan ao mínimo os riscos de lumes a causa da elevada biomasa por abandono dos nosos montes.

Apoio directo ás comunidades de montes veciñais en man común.

Fomento do cumprimento da normativa en materia de ordenación dos arboredos e da mellora das superficies forestais.

Apoio ás asociacións para a xestión destas superficies en común.

Redución do risco de incendios forestais por medio de accións que promovan unha maior utilización do monte, coa realización de labores de prevención e infraestruturas de defensa, tales como as faixas de protección.

Terceiro.- Consonte á Base 24ª.3, das de Execución do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo para o exercicio 2023, a xestión e concesión de subvencións deberá realizarse de acordo aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.



Cuarto.- Tendo en conta o anterior, por parte da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade promóvese a concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, a través do Programa de apoio ao fomento de boas prácticas de silvopastoreo en extensivo que produzan a redución dos niveis de biomasa existente, para o cal se redactan as súas bases reguladoras, e se elaboran os anexos que constitúen os modelos normalizados de solicitude e xustificación de aquelas.

As ditas bases inclúen a motivación desta acción de fomento nos termos da súa exposición de motivos:

““A gandería extensiva é de suma importancia para salvagardar a riqueza natural dunha cuarta parte da superficie terrestre do planeta”. Nestes termos se expresa o informe “Pastoralismo e economía verde: un nexo natural?” realizado polo Programa das Nacións Unidas para o Medio Ambiente (PNUMA) e a Unión Internacional para a Conservación da Natureza (UICN).

Deste xeito, parte dos beneficios para o medio rural baséanse en que ao aproveitar os recursos naturais existentes nos montes onde pasta o gando, requírese moi pouca achega de enerxía, xa que, en ocasións, con 0,1 KJ ou menos obtense 1 KJ de alimento na mesa do consumidor. Iso convértea na gandería con maior eficiencia enerxética global. Tamén está demostrado que un pastoreo equilibrado secuestra máis carbono que o sobrepastoreo ou a ausencia del.

Por outra banda, os animais adoitan pacer por lugares sen moita afluencia humana, onde os bosques non teñen mantemento como hai séculos. Neste sentido, son moitos os estudos que confirman que os sistemas de silvopastoreo e gandería extensiva comportan múltiples beneficios fundamentais para os ecosistemas. Asemade, os agricultores e pastores galegos poden dar fe de que o pastoreo no bosque axuda indirectamente a combater os incendios, xa que observan que o comportamento do lume cambia nas zonas onde existe menor densidade de combustible vexetal por ser lugares onde pacían rabaños de diversas especies gandeiras.

Galicia é, sen dúbida, a maior potencia forestal de España e unha das máis importantes de Europa, exercendo a provincia de Lugo un papel fundamental como elemento tractor dentro deste sector. Do mesmo xeito, os sectores gandeiro e agrícola constitúense en elementos clave no desenvolvemento do territorio e da sociedade.

Por elo, ao obxecto de artellar políticas e plans que permitan facer fronte ás ameazas contra o medio rural, é preciso dar atención ás necesidades dos produtores, emprendedores e poboadores

do rural, así como ás prácticas levadas a cabo con éxito por eles mesmos e polos nosos antepasados, que contribuíron e contribúen á preservación da nosa riqueza natural ata o día de hoxe.

Porén, as poboacións dalgúñas especies silvestres, coma o lobo, están ocasionando, con máis frecuencia, que os aproveitamentos silvopastorís e a produción gandeira en extensivo se vexan afectados negativamente.

Para evitar estes danos é necesario artellar un conxunto de medidas que faciliten a convivencia da fauna salvaxe cun aproveitamento multifuncional do monte que permita a preservación do medio rural e a súa protección fronte ás múltiples ameazas existentes.

Tendo en conta que a política de defensa do medio rural, pola súa vital importancia para o país, non pode ser aplicada de forma illada, senón integrándose nun contexto máis amplo de planificación do territorio e de desenvolvemento rural, é preciso o compromiso de todas as Administracións, das persoas propietarias de terreos forestais, das agricultoras e agricultores, das comunidades de montes veciñais en man común, das asociacións de veciños, da sociedade do medio rural e, en xeral, do conxunto da cidadanía.

Ademais, a loita contra as ameazas para os pastores e gandeiros demanda a existencia dun modelo activo, dinámico e integrado, encadrando nunha lóxica de medio e longo prazo os instrumentos dispoñibles, procurando a organización da xestión de biomasa en zonas estratéxicas, unido ao tratamento de áreas forestais, nun esquema de intervención, segundo modelos silvícolas previamente establecidos no ámbito das dúas dimensións que se complementan: a defensa de persoas e bens, e a defensa dos montes.

Por outra banda, tamén resulta indispensable ampliar os esforzos de educación, sensibilización, divulgación e extensificación agroforestal para a defensa do medio rural.

Deste xeito, a Liña 13.1 do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación de Lugo para os anos 2023 a 2025, ten por obxectivo estratéxico “contribuír á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, a través da promoción do desenvolvemento dos sectores agrícola, gandeiro e pesqueiro, como sectores estratéxicos da economía da provincia, pois son xeradores de oportunidades de emprego que redundan na fixación de poboación nas zonas rurais”, e aposta, entre outros obxectivos específicos, polo “fomento da concienciación ambiental e a agricultura, gandería e pesca sustentables; fomento da diversificación produtiva e promoción e difusión das pequenas producións dos nosos montes [...] como o aproveitamento silvopastoril con gandería extensiva: cabalar, vacún, ovina, cabrúa,



porcina, etc; programas de mantemento da superficie agraria útil e recuperación de zonas de monte abandonadas ou improdutivas, con axudas para o fomento de desbroce ou xestión sostible con especies leñosas autóctonas, labores de pastoreo, aproveitamento silvopastoril ou similares que reduzan ao mínimo os riscos de lumes a causa da elevada biomasa por abandono dos nosos montes”.

Polo exposto, dende a Área de Medio Rural, Mar e Mocidade da Deputación Provincial de Lugo, ponse en marcha, no ano 2023, unha nova edición do Programa “O que non arde”, para apoiar o fomento de boas prácticas de silvopastoreo e pastoreo en extensivo que permitan a redución dos niveis de biomasa existente.

Por todo o anterior, a Deputación Provincial de Lugo, no exercicio das competencias que esta ten atribuídas polo artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladoras das Bases do Réxime Local, na redacción dada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, procede á publicación do texto íntegro da convocatoria e bases que canalizarán as subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para apoiar o fomento de boas prácticas de silvopastoreo e pastoreo en extensivo que produzan a redución dos niveis de biomasa existente, na execución do programa “O que non arde”, na anualidade 2023, así como dos anexos para a súa solicitude e xustificación, que serán de uso obrigatorio polos interesados.”

Consideracións legais e técnicas.

I. Normativa de aplicación.

Ás subvencións que se outorguen pola Deputación Provincial de Lugo regúlanse, en aplicación do disposto no artigo 3 da Ordenanza Xeral de Subvencións da dita entidade, por:

A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en adiante, LXS).

O Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento (en adiante, RLXS).

A Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (en adiante, LSG).

A Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo -publicada no BOP nº 082, do 13 de abril de 2021- (en adiante, OXS).

A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (en adiante, LRBRL).

O Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (en adiante, TRLRFL).

As Bases de Execución do Orzamento e o réxime de delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación vixentes no momento da concesión.

O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo -publicado no BOP nº 202, do 3 de setembro de 2020- (en adiante, RODPL).

As restantes normas de Dereito Administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

II. As Bases reguladoras das subvencións.

Consonte ao artigo 2.1 da LXS:

“Enténdese por subvención, aos efectos desta lei, toda disposición de diñeiro realizada por calquera dos suxeitos contemplados no artigo 3 desta lei, a favor de persoas públicas ou privadas, e que cumpra os seguintes requisitos:

a) Que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios.

b) Que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, á execución dun proxecto, á realización dunha actividade, a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, ou a concorrencia dunha situación, debendo o beneficiario cumprir as obrigas materiais e formais que se estableceran.

c) Que o proxecto, a acción, conducta ou situación financiada teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.”

Tendo encaixe neste concepto de subvención as axudas reguladas nas Bases cuxa aprobación se informa, cómpre ter en conta que, con carácter previo ao outorgamento das subvencións, deberán aprobarse as normas que establezan as bases reguladoras de concesión nos termos establecidos na LXS, tal e como establece o artigo 9.2 da dita Lei.



Estes termos, aos que se refire o citado artigo, son, en primeiro lugar, os previstos no apartado 2 do artigo 17 da mesma LXS, consonte ao cal:

“As bases reguladoras das subvencións das corporacións locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.”

A estes efectos, a Deputación de Lugo ven de aprobar recentemente a súa nova Ordenanza Xeral de Subvencións (publicada no BOP de Lugo nº 82, do 13 de abril de 2021).

Con todo, ao meu xuízo, o dito artigo 17.2 da LXS non pode ser interpretado de xeito restritivo, no sentido de que as bases reguladoras das subvencións só poidan adoptar a forma de ordenanza, ben xeral ben específica, e elo polas seguintes razóns:

1) Dada a gran variedade de tipos de subvencións que se outorgan polas entidades locais, derivado da amplitude de actividades e servizos que constitúen a execución das súas competencias, non resulta doado reconducilas todas a unha ordenanza xeral; e o ditado de ordenanzas específicas para cada tipo ou modalidade de subvención pode dar lugar a unha inflación ordenancista.

2) O citado artigo 17.2 da LXS non ten carácter básico, en virtude do establecido na disposición final primeira da dita lei; e a Comunidade Autónoma de Galicia ten asumidas competencias en materia de réxime local.

Por elo, a redacción do devandito artigo 17.2 da LXS terá que poñerse en relación co establecido no artigo 14.1 da LSG, que establece que “os órganos concedintes establecerán con carácter previo á disposición dos créditos as bases reguladoras aplicables á concesión”.

En definitiva, a especificidade das subvencións a outorgar en execución do Programa “O que non arde” esixe a aprobación dunhas bases reguladoras específicas para aquelas, e que, sen forma de ordenanza, desenvolvan a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo, detallando as súas particularidades.

Por outra banda, da conxunción do disposto nos citados artigos 17.2 da LXS e 14.1 da LSG, podemos concluír que as bases reguladoras aplicables á concesión conterán, como mínimo, os seguintes extremos:

- a) Definición precisa do obxecto da subvención.
- b) Requisitos que deberán reunir os beneficiarios para a obtención da subvención e, no seu caso, dos membros das entidades contempladas no apartado 2 e segundo parágrafo do apartado 3 do artigo 8, prazo e forma de acreditarlos e prazo e forma nos que deben presentarse as solicitudes.
- c) Criterios obxectivos de adxudicación da subvención e, no seu caso, ponderación dos mesmos.
- d) Contía individualizada da subvención ou criterios para a súa determinación.
- e) Procedemento de concesión da subvención.
- f) Órganos competentes para a ordenación, instrución e resolución do procedemento de concesión e prazo no que será notificada a resolución.
- g) Composición, no seu caso, do órgano colexiado avaliador previsto no artigo 21 da presente lei.
- h) Prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención ou a axuda pública e da aplicación dos fondos percibidos.
- i) No suposto de prever a posibilidade de realizar abonos a conta e anticipados, prazos, modo de pago e réxime particular de garantías que, no seu caso, deban achegar os beneficiarios, así como aquelas outras medidas de garantía a favor dos intereses públicos que poidan considerarse precisas.
- j) Obriga de reintegro, total ou parcial, da subvención ou da axuda pública percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.
- k) Obriga do beneficiario de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
- l) No seu caso, condicións de solvencia e eficacia que teñan que reunir as entidades colaboradoras.
- m) Circunstancias que, como consecuencia da alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderán dar lugar á modificación da resolución.
- n) Criterios de gradación dos posibles incumprimentos de condicións impostas con motivo da concesión das subvencións. Estes criterios resultarán de aplicación para determinar a cantidade que finalmente haxa de percibir o beneficiario ou, no seu caso, o importe a reintegrar, e deberán responder ao principio de proporcionalidade.



o) Información aos interesados da existencia do Rexistro Público de Subvencións e dos extremos previstos no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Así mesmo, deberán contemplar a posibilidade de que os interesados fagan constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando concorra algunha das causas previstas na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da presente lei.

p) Expresión dos recursos que procedan contra a resolución da concesión, con indicación do órgano administrativo ou xudicial ante o que teñan que presentarse, prazo para interpoñelos e demais requisitos esixidos pola normativa xeral de aplicación.

q) Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

As Bases obxecto deste informe integran estes extremos, cumprindo, polo tanto, os requisitos legalmente esixidos.

Con todo, é criterio desta entidade o de denominar ás normas reguladoras das subvencións Bases canalizadoras, polo que, as Bases que aquí se informan correspóndese con esa denominación.

III. Convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia competitiva.

En relación coa convocatoria das subvencións, o carácter non básico do Capítulo II do Título I da LXS obriga a ter en conta o establecido no artigo 20 e seguintes da LSG. Consonte ao primeiro:

1. O procedemento para a concesión de subvencións iníciase de oficio, no caso da concesión en réxime de concorrencia competitiva, (...).

2. A iniciación de oficio realizarase sempre mediante convocatoria aprobada polo órgano competente, que desenvolverá o procedemento para a concesión das subvencións convocadas segundo o establecido neste capítulo e de acordo cos principios da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e terá necesariamente o seguinte contido:

a) Indicación da disposición que estableza, no seu caso, as bases reguladoras e do diario oficial en que está publicada, salvo que en atención á súa especificidade estas se inclúan na propia convocatoria.

b) Créditos orzamentarios aos que se imputa a subvención e contía total máxima das subvencións convocadas dentro dos créditos dispoñibles ou, no seu defecto, contía estimada das subvencións.

c) Obxecto, condicións e finalidade da concesión da subvención.

d) Expresión do réxime en que se efectuará a concesión.

e) Requisitos para solicitar a subvención e forma de acreditarlos.

f) Indicación dos órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento.

g) Prazo de presentación de solicitudes, ás que serán de aplicación as previsións contidas no apartado 3 deste artigo.

h) Prazo de resolución e notificación.

i) Documentos e informacións que deben achegarse á petición.

j) No seu caso, posibilidade de reformulación de solicitudes de conformidade co disposto no artigo 25 da presente lei.

k) Indicación de se a resolución pon fin á vía administrativa e, en caso contrario, órgano ante o que se interpoñerá recurso de alzada.

l) Criterios de valoración das solicitudes, no seu caso. Avaliarase, en todo caso, o emprego da lingua galega na realización das actividades ou conductas para as que se solicita a axuda.

m) Prazo de xustificación da subvención.

n) Medio de notificación ou publicación, de conformidade co previsto no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. As solicitudes dos interesados acompañarán os documentos e informacións determinados na norma ou convocatoria, (...).

(...).

5. Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na norma da convocatoria, o órgano competente requirirá ao interesado para que a emende no prazo máximo e improrrogable de dez días, indicándolle que se non o fixera teráselle por desistido da súa solicitude, previa resolución (...).



No caso que nos ocupa, a convocatoria cumpre estas esixencias, matizando que non se prevé a reformulación de solicitudes posto que os eventuais remanentes distribuiranse de conformidade cos criterios establecidos nas propias bases reguladoras das subvencións.

IV. Requisitos para o outorgamento de subvencións.

Adicionalmente, consonte aos artigos 9.4 da LXS e 6.4 da LSG, o outorgamento dunha subvención debe cumprir os seguintes requisitos:

“a) A competencia do órgano administrativo concedinte.

b) A existencia de crédito axeitado e suficiente para atender as obrigas de contido económico que se derivan da concesión da subvención.

c) A tramitación do procedemento de concesión de acordo coas normas que resulten de aplicación.

d) A fiscalización previa dos actos de contido económico, no termos previstos no Decreto Legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

e) A aprobación do gasto polo órgano competente.

Neste senso, a Base 24ª.4 das de Execución do Orzamento Xeral da Deputación para o exercicio 2023 establece que “o órgano competente para aprobar as bases da convocatoria pública, así como os criterios e baremos para a súa adxudicación, é a Xunta de Goberno, a proposta do Delegado correspondente.”

No expediente consta certificación, emitida pola Sección de Contabilidade e Contas da Unidade de Intervención, de existencia de saldo suficiente, nas correspondentes aplicacións orzamentarias, para a autorización dos gastos que se deriven da resolución do procedemento de concesión das subvencións.

En canto á tramitación do procedemento de concesión, resulta de aplicación o establecido no Capítulo II do Título I da LSG, e na Sección 1ª do Capítulo III da OXS, cuxa regulación se cumpre plenamente na convocatoria e bases obxecto deste informe.

V. Competencia da Deputación para a convocatoria das subvencións.

En canto á competencia da Deputación de Lugo que lexitima a convocatoria destas subvencións, cómpre ter en conta o establecido no artigo 36.1 da LRBRL, consonte ao cal:

Son competencias propias da Deputación ou entidade equivalente as que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción pública e, en todo caso, as seguintes:

(...).

a) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

A propia Constitución, no seu artigo 130, fai referencia ao problema que se trata de liquidar a través desta convocatoria de subvencións, ao establecer que:

1. Os poderes públicos atenderán á modernización e desenvolvemento de todos os sectores económicos e, en particular, da agricultura, da gandería, da pesca e da artesanía, a fin de equipar o nivel de vida de todos os españois.

2. Co mesmo fin, dispensarase un tratamento especial ás zonas de montaña.

Pola súa banda, en relación coa lexislación sectorial que atribúe competencias ás entidades locais, a Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sostible do medio rural, establece, no seu artigo 2, como obxectivos xerais da mesma, entre outros:

a) Manter e ampliar a base económica do medio rural mediante a preservación de actividades competitivas e multifuncionais, e a diversificación da súa economía coa incorporación de novas actividades compatibles cun desenvolvemento sostible.

(...).

c) Conservar e recuperar o patrimonio e os recursos naturais e culturais do medio rural a través de actuacións públicas e privadas que permitan a súa utilización compatible co desenvolvemento sostible.



2. En particular, as políticas de desenvolvemento rural sostible das Administracións Públicas que se deriven desta Lei deberán orientarse á consecución dos obxectivos seguintes:

(...).

e) Lograr un alto nivel de calidade ambiental no medio rural, prevendo o deterioro do patrimonio natural, da paisaxe e da biodiversidade, ou facilitando a súa recuperación, mediante a ordenación integrada do uso do territorio para diferentes actividades, a mellora da planificación e da xestión dos recursos naturais e a redución da contaminación nas zonas rurais.

Asemade, a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, establece, no seu artigo 8, que “as administracións públicas de Galicia colaborarán entre si e cooperarán nas tarefas de prevención e loita contra os incendios forestais, achegando os medio materiais, económicos e humanos á súa disposición nos termos da presente lei.”

VI. Xustificación das contías das axudas reguladas nas Bases e na convocatoria que se informa.

A Base 5 das canalizadoras das subvencións refírese ás contías das subvencións e á súa compatibilidade con outras axudas.

No que á xustificación das súas contías se refire, cómpre ter en conta que, á vista dos prezos de mercado de pastores eléctricos, baterías, mallas electrificadas e demais elementos integrantes dos sistemas de peche precisos para o axeitado manexo do gando no exterior, así como o tamaño medio e as características territoriais das explotacións gandeiras que levan a cabo o aproveitamento multifuncional do monte con especies gandeiras na provincia de Lugo, dende este centro xestor estímase que unha contía de 2.500 € por explotación servirá para que cada unha delas poida cubrir as necesidades financeiras anuais derivadas do establecemento de sistemas eficaces que permitan levar a cabo a xestión da biomasa do monte e, asemade, protexer ao gando dos ataques do lobo e doutra fauna salvaxe, permitindo aos gandeiros levar a cabo unha correcta rotación e manexo da súa cabana en extensivo.

Deste xeito, contemplouse a necesidade de implantar ou manter en bo estado funcional, polo menos, un curro por explotación en extensivo, para o que é preciso dispor de peches fixos e elementos estruturais de unión dos mesmos, así como de sistemas de alimentación ao obxecto de electrificar os valados integrantes do mesmo.

Asemade, ao obxecto de implantar un axeitado sistema rotacional, precísanse mallas e elementos de unión que deben ser electrificados. Por iso é necesario adquirir elementos constituíntes dos novos peches electrificados ou para o mantemento dos xa existentes.

Por todo o exposto, informo favorablemente:

1º.- A aprobación da convocatoria do procedemento de concesión das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para apoiar o fomento de boas prácticas de silvopastoreo e pastoreo en extensivo que produzan a redución dos niveis de biomasa existente, na execución do Programa “O que non arde”, na anualidade 2023, dotado con 60.000 € con cargo ao Orzamento Xeral do ano 2023.

2º.- A aprobación do texto das bases canalizadoras de ditas subvencións.

3º.- A aprobación dos modelos de solicitude e xustificación das devanditas subvencións.

4º.- A publicación da citada convocatoria e bases canalizadoras das subvencións na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no portal de internet da Deputación.”

5º.- A aprobación do gasto, por importe de 60.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.789 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2023”

No expediente consta, ademais, informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento, do 25 de abril de 2023, sobre as bases e os modelos de solicitude e xustificación que rexerán a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para apoiar o fomento de boas prácticas de silvopastoreo e pastoreo en extensivo que produzan a redución dos niveis de biomasa existente, na execución do Programa “O que non arde”, na anualidade 2023.

Á vista das actuacións precedentes, a Unidade de Intervención fiscalizou favorablemente o expediente o 27 de abril de 2023.



Polo anteriormente exposto, propono que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación da convocatoria do procedemento de concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para apoiar o fomento de boas prácticas de silvopastoreo e pastoreo en extensivo que produzan a redución dos niveis de biomasa existente, na execución do Programa “O que non arde”, na anualidade 2023, dotado con 60.000 € con cargo ao Orzamento Xeral do ano 2023.

2º.- Aprobación do texto das bases canalizadoras de ditas subvencións.

3º.- Aprobación dos modelos de solicitude e xustificación das devanditas subvencións.

4º.- A publicación da citada convocatoria e bases reguladoras das subvencións na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no portal de internet da Deputación.

5º.- A aprobación do gasto, por importe de 60.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.789 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2023.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- COMPARENCIA NO PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO Nº38/2023-C.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“Visto o oficio do Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Lugo polo que, entre outras cuestións, se require a esta entidade para que remita o expediente administrativo en relación co Procedemento Abreviado 38/2023-C seguido a instancia de D. Juan Andrés Ayaso García fronte á Deputación “en relación al Expediente sobre Responsabilidad Patrimonial de la administración

seguido a instancias de mi mandante frente a la Diputación Provincial de Lugo, tramitado bajo el expediente número 58/2021 presentada el 1/9/2021 por siniestro ocurrido el pasado día 28 de diciembre de 2020 por vehículo de mi representado D. Juan Andrés Ayaso García con matrícula 6341JTK en la carretera LU-P-4004, debido a la desestimación de la reclamación patrimonial por silencio administrativo...” á Xunta de Goberno proponse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso- administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído á compañía aseguradora, se fora preciso.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Dación de conta do Auto de 21 de abril de 2023 ditado na Peza de Medidas Cautelarísimas 119/2023 e Auto de 2 de maio de 2023 ditado na Peza Separada de Medidas Cautelares 119/2023 polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo.

Dáse conta do auto de 21 de abril de 2023 ditado na Peza separada de medidas cautelares 119/2023 0001 polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo seguido a instancia de D^a. María del Pilar Sánchez Monje, e en cuxo fallo dí o seguinte: “*no ha lugar a adoptar, inaudita parte, la medida cautelar formulada por la representación procesal de D^a. María del Pilar Sánchez Monje, por no apreciarse en este caso concreto “circunstancias de especial urgencia”; por lo que se seguirá la solicitud cautelar por los cauces del artículo 131 LJCA a cuyo fin se concede a la Diputación Provincial de Lugo, el plazo de 1 día para que formule alegaciones, a computar desde la notificación de la presente resolución”.*



Así mesmo dáse conta do auto de data 2 de maio de 2023 ditado na Peza separada de medidas cautelares 119/2023 0001 polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo, e en cuxo fallo dí o seguinte: *“no ha lugar a la suspensión solicitada por la representación procesal de D^a. María Pilar Sánchez Monje como medida cautelar en el proceso abreviado nº 119/2023 de la ejecución de la resolución impugnada en el presente recurso contencioso- administrativo”*.

A Xunta de Goberno queda enterada.

12.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.